

## LICENZAS

EXTRAORDINARIA POR NOMEAMENTO EN PRÁCTICAS	As persoas que, tras a superación das probas selectivas correspondentes, son nomeadas funcionarios/as en prácticas e xa estean prestando servizos remunerados na Administración de xustiza en Galicia como funcionarios/as, teñen dereito a unha licenza extraordinaria durante o tempo que se prolongue esta situación e a percibir as retribucións que estableza a normativa vixente para o persoal funcionario en prácticas.
POR ASUNTOS PROPIOS	O persoal funcionario pode gozar de licenza por asuntos propios sen dereito a retribución ningunha. A súa duración acumulada non pode exceder, en ningún caso, os <b>tres meses</b> (naturais) <b>cada dous anos</b> de servizos efectivos, e a súa concesión está subordinada ás necesidades do servizo.
POR FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO	A duración vén determinada pola dos cursos, congresos ou xornadas. Dependendo da súa tipoloxía, uns non supoñen limitación ningunha de haberes, pero noutros só se perciben as retribucións básicas e as prestacións por fillo/a a cargo.
POR ENFERMIDADE PARA MUTUALISTAS FUNCIONARIOS/AS DE CARREIRA (MUXEXU)	Solicítase no <b>4º día</b> de ausencia continuada do posto de traballo. A licenza inicial concédese polo tempo que o/a facultativo/a considera previsible para a curación, e en ningún caso por un período superior a <b>quince días</b> . As licenzas por enfermidade ata un máximo de <b>12 meses</b> , prorrogables por outros <b>6</b> , concédense cando se presume que durante ese período o/a traballador/a pode ser dado/a de alta médica por curación. Cando transcorre este prazo, as licenzas prorróganse ata o momento da declaración da xubilación por incapacidade permanente ou da alta médica, sen que en ningún caso se poidan exceder os <b>30 meses</b> dende a data da solicitude da licenza inicial. As licenzas por enfermidade dan lugar á plenitude de dereitos económicos durante os <b>seis primeiros meses</b> .
POR ENFERMIDADE PARA NON MUTUALISTAS FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS (RÉXIME XERAL)	<p>O/a médico/a que expide o parte de baixa, confirmación ou alta entrégalle unha copia á persoa traballadora. O Sergas remítelle os datos contidos nos partes ao INSS por vía telemática de forma inmediata ou no primeiro día hábil seguinte. O INSS comunícalle á Xefatura Territorial o parte de baixa, confirmación e alta como máximo no primeiro día hábil ao da súa recepción. As empresas teñen a obriga de remitir os datos que se determinen, a través do sistema de Remisión Electrónica de Datos (RED), no prazo máximo de <b>tres días</b> hábiles, contados dende a recepción da comunicación da baixa médica. O INSS xestiona os partes médicos e os datos comunicados pola empresa, e distribúellos de xeito inmediato, en todo caso no primeiro día hábil dende a recepción, á entidade á que lle corresponda a xestión da prestación. Se o parte médico de alta é expedido pola Inspección Médica do INSS, trasladaranse os datos contidos no parte de forma inmediata, en todo caso no <b>primeiro día hábil</b> seguinte ao da expedición, ao Servizo Público de Saúde ou á mutua, co fin de que dite un acordo polo que declare extinguido o dereito por causa da alta e llo notifique á empresa, como máximo no primeiro día hábil seguinte ao da expedición. A Inspección Médica entrégalle unha copia do parte á persoa traballadora e indícalle a obriga de incorporarse ao traballo ao <b>día seguinte</b> ao da expedición. Cando nun proceso de incapacidade temporal se expide un parte médico de alta a través da Inspección Médica do INSS, durante os <b>180 días naturais</b> seguintes ao da data da alta, son estas as únicas entidades competentes, a través dos seu persoal médico, para emitir unha nova baixa pola mesma ou similar patoloxía.</p> <p>Os partes de baixa e confirmación esténdense en función do período de duración que estime o médico que os emite.</p> <p>Estabelécense catro grupos de procesos:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Duración estimada inferior a <b>5 días naturais</b>: o/a facultativo/a emite o parte de baixa e alta no mesmo documento. A data de alta pode ser a mesma que o día da baixa ou calquera dos <b>tres días naturais</b> seguintes a este.</li> <li>Duración estimada entre <b>5 e 30 días naturais</b>: o/a facultativo/a emite o parte de baixa e consigna nel a data de revisión prevista, que non será superior a <b>7 días</b> dende a data da baixa. O día da revisión esténdese o parte de alta ou de confirmación da baixa; despois deste primeiro parte de confirmación, de ser necesario emitir algún máis, non pode haber unha diferenza de máis de <b>14 días naturais</b> entre ambos.</li> <li>Duración estimada entre <b>31 e 60 días naturais</b>: o/a facultativo/a emite o parte de baixa e consigna nel a data de revisión prevista, que non será superior a <b>7 días</b> dende a data da baixa. O día da revisión esténdese o parte de alta ou de confirmación da baixa; despois deste primeiro parte de confirmación, de ser necesario emitir algún máis, non pode haber unha diferenza de máis de <b>28 días naturais</b> entre ambos.</li> <li>Duración estimada de <b>61 días naturais</b> ou máis: o/a facultativo/a emite o parte de baixa e consigna nel a data de revisión prevista, que non será superior a <b>14 días</b> dende a data da baixa. O día da revisión esténdese o parte de alta ou de confirmación da baixa; despois deste primeiro parte de confirmación, de ser necesario emitir algún mais, non pode haber unha diferenza de máis de <b>35 días naturais</b> entre ambos.</li> </ol>
MATRIMONIO, REXISTRO OU CONSTITUCIÓN FORMALIZADA POR DOCUMENTO PÚBLICO DE PARELLA DE FEITO	Ten unha duración de <b>quince días naturais</b> , con plenitude de dereitos económicos. Pódese conceder de xeito ininterrompido ou fraccionado, distribuíndose, neste último caso, os días en dous períodos inmediatamente anteriores e posteriores á data de matrimonio ou da unión de feito inscrita nun rexistro oficial. Pódese unir ao período de vacacións anuais. Habendo unha causa xustificada, pode diferirse o seu gozo, sempre que este se produza nos <b>dous meses posteriores</b> á data do matrimonio ou da unión de feito.
RISCO DURANTE O EMBARAZO E A LACTACIÓN	Cando as condicións do posto de traballo dunha funcionaria poden influír negativamente na súa saúde ou na do seu fillo/a, concédesele unha licenza por risco durante o embarazo ou durante o período de lactación nos mesmos termos e condicións previstos na normativa aplicable, con plenitude de dereitos económicos.